

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Fernando Pereira Caamaño do 01/09/1969**

**Colección:**

**Data:** 01/09/1969

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Fernando Pereira Caamaño;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

Montevideo (local), Montevideo (departamental), Uruguai (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada]

**Temáticas:**

Artes; Asuntos particulares; Autores/as; Emigración; Literatura; Migracións;

**Mencionados:**

Xesús Alonso Montero; Valentín Fernández; Manuel María; Reimundo Patiño;

---

## **Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Fernando Pereira Caamaño do 01/09/1969**

Buenos Aires, 1º de setembro de 1969

Sr. D. Fernando Pereira  
Montevideo

Querido amigo:

Recibín hoxe a súa, conxuntamente con unha de Manuel María, moi gozoso co seu libro e poñendo o defeuto do papel que nós xa conocíamos. Xa lle contestei. Tamén sabía da multa que lle puxeron en Madrid, en xaneiro. Eu estaba entón no Castro, mais díxose alí que de Buenos Aires (Valentín) tiña enviado os cartos. Polo dito por Manuel María, non parece certo. Penso que, de calquer xeito, ten de consultarse isto

e facer unha tarefa conxunta coas entidades de Buenos Aires, Caracas e México, pra lle mandar os cartos si é necesario. A min, na súa carta, non me fala do embargo do departamento, senón da fianza que tan posta pra exercer a profesión de procurador. Mais é o mesmo. Eu creo, dígoo confidencialmente, que teñen de informarse ben, cecais por Carnaval si está aínda en Galicia. A xente moza dalá ten boca de frade pra pedir, e pra calquer cousa que deben facer que coste cartos pensan en América. Teñen que acostumbrarse a matinar en sacarlle cartos ás xentes de Galicia, a orgaizarse pra elo. Alí viven máis millónarios e ricos galegos que en América, mais soio pensan nos diste continente. Setenta e cinco mil pesetas pra xentes que se orgaízan non son moitas pesetas. Son 150 persoas en toda Galicia, Madrid, etc., a 500 pesetas. E existe alí un movemento verdadeiro, que eu penso que si, ou non existe nada, i, neste caso, temos de matinalo todo novamente. Alonso Montero marchou moi impresionado de vostedes e moi contento de ter ido a Montevideo. Eu estoulles moi agradecido. Recibín as fotos. Tamén escribume Patiño moi ledo co catálogo pedindo que envíen exemplares prós artistas.

Reciban todos vostedes, os do Patronato, e as súas donas e vostede o saúdo da miña muller e meu, e vostede unha aperta de:

[Seoane]

O enderezo de Raimundo Patiño é:  
Paseo de Extremadura 32, 4º D.  
Madrid, 11

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.